

# O ENTROIDO EN GALICIA.

## Orixe

O Entroido é celebrado en toda Europa dende épocas descoñecidas. Non se sabe con certeza a súa orixe, algúns pensan que vén da tradición celta, outros que esta na adoración ao deus Baco. Coa chegada do cristianismo esta celebración mesturouse coa despedida da carne antes do período de abstinencia da Coresma que comeza o mércores de Cinza.

As orixes das palabras son: o termo "Carne Vale" (é dicir "o adeus á carne"), que derivou na palabra "Carnaval"; o termo "Introitum" (que significa "a entrada á Coresma!") do que vén a palabra "Entroido" ou "Antroido".

O Entroido quere significar a volta ó mundo do revés, a subversión, a ruptura das convencións sociais e o cambio de roles.

## A festa en Galicia

En Galicia o Entroido celébrase dende sempre. Existen manifestacións dunha fonda tradición e que aínda perduran hoxe mesturadas con elementos máis novos.

### ➤ Máscaras:

- Cigarróns, personaxes enmascarados e adornados, teñen a orixe nos cobradores ou levantadores da caza (Verín).
- Pantallas, que amolan ós viandantes con dúas vexigas cheas de aire (Xinzo da Limia).



- Peliqueiros, personaxes que se distinguen pola súa animalización: non falan, levan chocas coma os animais, zorregan á xente e levántanlle a saia ás mulleres, (Laza)
- Os Correos, que van pola veciñanza ofrecendo cós Xenerais "canten" a cada unha das casas a cambio dunha doazón.
- Volantes, baílan arredor do Santo Entroido (Chantada)
- Boteiros e Folións de Viana, Manzaneda e Vilariño, que camiñan en grupos de 30 ou 40 polas rúas.
- Encontros de Xenerais do Ulla, un exercito do pobo e o dos invasores, lembranza da guerra da Independencia española, en Boqueixón, Estrada, Vedra e Silleda.
- Foliós, grupo de homes e mulleres que van dunha a outra parroquia facendo soar as cornas, sachos, gadañas, fouciños...(Manzaneda)
- Felos, invaden o pobo co son das chocas e perseguen aos que se meten con eles. (Maceda)
- Charrúa, viste roupas vellas e de cores chamativas. Vai en solitario. (Allariz)
- Madamas e Galáns, personaxes que satirizan á aristocracia (Cangas e Vilaboa)
- Irrio, home con máscara e de traxe ao que a xente ten que obedecer e gardar ríspeto (Casto Caldelas)
- Vergalleiros de Sarreaus
- Murrieiros da Teixeira
- Troteiros de Bande
- Vellarróns de Riós, etc.



## ➤ Outros costumes:

- Animais como pode ser unha vaca, o burro ou o galo, reais ou simulados simbolizan o Entroido en si e interveñen na festa, ben para ser burlados e escarmentados, ben para actuar activamente facendo falcatruadas.
- O Meco, personaxe mullereiro, libertino e larpeiro. A orixe deste boneco, segundo o padre Sarmiento, esta na vila mariñeira do Grove, onde o Meco exercía de crego, e a súa debilidade eran as mulleres. Foron precisamente estas as que o esganaron nunha figueira e despois, durante o xuízo, ante a pregunta de quen aforcara o Meco, os grovenses responderon: ¡Matámolo todos!
- Comparsas, teñen a súa orixe nas festas de tolos laicas que organizaron grupos de burgueses e nobres, Coruña e Ferrol
- Choqueiros, a xente disfrázase ca roupa vella, en toda Galicia.
- O Oso de Salcedo, en Salcedo (A Pobra do Brollón).
- O merdeiro en Vigo



No Entroido todo está permitido. Son comúns os discursos coma os estamentos, os arranques ou coplas, que son sátiras da realidade e de feitos acontecidos durante o ano. O que prima é o espírito de crítica e a posibilidade de dicir esas cousas con ton de sátira.

# Os períodos de esmorga

- ⊗ Domingo Fareleiro ou Borrallento: Neste data é costume que os veciños se manchen uns a outros con "borralla" ou "farelo", a fariña de peor calidade.
- ⊗ Xoves de Compadres: Neste día realízase unha tradicional pelexa entre sexos. As mozas fabrican un boneco ou varios bonecos que representan os homes e tentan queimalo, mentres os mozos loitan por llo roubar.
- ⊗ Domingo Corredoiro ou Oleiro: Hai celebracións diferentes segundo os lugares. Tradicionalmente era cando se facía a corrida do galo; en Laza lánzanse formigas enriba da xente, en Xinzo celébrase o xogo das olas.
- ⊗ Xoves de Comadres: Ao revés do de Compadres, son os homes os que fan un ou varios bonecos con feitura de muller e son estas quen loitan por llelo sacar.
- ⊗ Domingo de Entroido: Comeza a festa maior.
- ⊗ Martes de Entroido: Celébranse os "Testamentos" do Entroido e entérrase a representación da festa.
- ⊗ Mércores de Cinza: Remata a festa, e é o do enterro da sardiña

## A comida no Entroido

Dentro da filosofía do Entroido esta comer e beber até o límite.

A festa do Entroido é un momento de abundancia e fartura na mesa, antítese do tempo de prohibición que se aveciña a Coresma. Celébranse comidas familiares, veciñais, festas gastronómicas, peticións de alimentos polas casas, agasallos e invitacións mutuas. A gran comida ten lugar Martes de

Entroido ou Lardeiro (de lardo = graxa do porco); nalgunhas zonas trasládase ao Domingo Lardeiro ou ao xoves anterior.

O porco é o rei da festa. Nestas datas cómese a cachucha, cachola, cacheira, cachela ou cachaza, que é a cabeza, o lacón, o rabo e as orellas do porco con grelos, patacas e chourizos. Nalgunhas zonas preparan o botelo ou a androlla, embutidos feitos co intestino goso do porco.

O labrego galego en Carnavales:


Come lacón para esquecer os seus males:

e en bailes e foliadas

dixíreo despois a botetadas

Por iso os lacóns

Non producen xamais indigestións.



Os doces de Entroido máis característicos e estendidos son as filloas e as orellas. Tamén son deste tempo a bica, as flores e as follas de limón.

Fontes:

<http://www.culturagalega.org>

<http://www.galiciaespallada.com.ar>


<http://abibliotecadefillos.blogaliza.org>

El Carnaval tradicional gallego

☐ Contesta as preguntas sobre o Entroido.

Que significa a palabra Entroido?	
Que é o Ciclo do Entroido?	
Cales son as principais datas do ciclo do Entroido?	
Que personaxes das máscaras se distinguen pola súa animalización? Onde as atopamos?	
Que é o Meco?	
Cal é a comida típica destas festas? E os doces?	

▣ Colorea os de vermello os concellos onde se celebra o Entroido con máscaras e de verde os concellos que o celebran con outros costumes.






▣ Escribe debaixo de cada máscara o nome do Concello ao que pertence a celebración.



Pantalla



Peliqueiro




Vergalleiro



Boteiro



Cigarrón



Troteiro



▣ Relaciona estas celebracións do Entroido co Concello correspondente.

PELIQUEIROS

CHARRÚA

CIGARRÓNS

MADAMAS

COMPARSAS

PANTALLAS

FOLIÓS

VOLANTES

OSO DE SALCEDO

BOTEIROS

VERÍN

XINZO

MANZANEDA

CHANTADA

ALLARIZ

SALCEDO

CANGAS e VILABOA

A CORUÑA e FERROL

LAZA

VIANA

▣ Escribe o nome das provincias e colore a provincia onde se celebra máis o Entroido.



## OS PELIQUEIROS

A máscara: é unha máscara que representa o poder. Ninguén a pode tocar. É o rei da festa e o gardián de todos os demais personaxes do Entroido. A careta e os chocos son as partes mais antigas máscara e os elementos que lles dan o seu carácter de autoridade relixiosa - espiritual. O nome venlle da pel de animal que leva cubrindo a careta. A careta é de madeira de aliso, rematada cunha mitra que leva pintada unha figura de animal.



O traxe: A chaquetiña é curta con charreteiras de corte militar e cuberta cunha pañoleta pola parte de atrás que é agasallo da noiva do Peliqueiro. O pantalón, a modo de calzón curto é de liño, con encaixes e borlas de algodón. Levan camisa e garabata, medias e ligas de fantasía de rechalmantes cores. Na cintura dúas faixas e riba delas un cinto con seis "chocos". Na man levan un látigo ou "zamarra": báculo e símbolo de autoridade co que se abre camiño, saúda e castiga.

☐ Colorea e escreve o nome das partes do traje do Peliqueiro.



PELIQUEIRO

▣ *Colorea a máscara do peliqueiro.*



▣ Le o poema.

Eu no entroido teño medo  
deste feo cigarrón;  
vai choutando polas rúas  
as súas chocás fan ¡tolón!  
Pero gústame o entroido  
polos grelos e o lacón  
a cachucha, os chourizos  
o entrecosto e os roxóns.  
Faremos as carautas  
troulearemos a cachón  
pediremos polas portas  
filloas, chulas e roscó.




Ana M<sup>a</sup> Fernández



▣ Onde podemos ver aos cigarróns no Entroido?

▣ Que nos di o poema que comemos no Entroido?

- ▣ O Porco é o rei das comidas do Entroido. Que partes del están presentes no cocido? Escribe o nome e despois coloreas.



- ▣ Investiga a receita dun dos doces do Entroido e escribea.

## Páxinas con recursos

- ⊗ <http://pdbrozos.blogspot.com.es/2013/01/imos-cara-o-entroido.html>
- ⊗ <http://www.coordinadoraendl.org/2013entroido/>
- ⊗ <http://www.edu.xunta.es/centros/cepgalan/system/files/ENTROIDO13.pdf> (unidade didáctica CEIP Galán - Arteixo)



## O MERDEIRO

O merdeiro é unha personaxe popular do Entroido de Vigo que xorde da xenreira existente entre mariñeiros e labregos. A súa existencia queda reflectida na prensa de finais do século XIX e XX e polos estudosos do folklore como Vicente Risco e Xaquín Lorenzo, e desapareceu a partir de 1936 despois de sucesivas ordenanzas municipais.

O seu obxectivo era incordiar á xente na época do entroido, e para elo vestíanse a imitación dos escabicheiros (persoas do campo que collían os escabiches e baleiraban os pozos negros da cidade) e restregaban as súas vítimas con restos de peixes apodrecidos .

O Merdeiro vagaba en solitario ou en pequenos grupos polas rúas da cidade e era maleducado e un pouco violento, intentando golpear cunha vara á xente coa que tropezaba .

Actualmente inténtase recuperar a única figura do entroido urbano que queda en Galicia pero despois do seu carácter un pouco violento e integrándoo no ambiente festeiro do entroido.

Contesta as seguintes preguntas:

De que cidade é o "merdeiro"?

.....

Que é o "merdeiro"?

.....  
.....

Que son os escabicheiros?

.....  
.....

Que pretendían os Merdeiros?

.....  
.....

En que se diferencia un mariñeiro dun labrego?.....

.....

.....

.....

.....

Busca no dicionario as seguintes palabras, copia a definición e despois escribe unha frase con esa palabra

Entroido:.....

.....

.....

Xenreira.....

.....

.....

Folklore.....

.....

.....

Incordiar.....

.....

.....

Escribe todas as palabras do texto que teñan "v"

.....

.....

Escribe toas as palabras do texto que teñan "b"

.....


.....

SOPA DE LETRAS 2º CICLO



Busca nesta sopa de letras as seguintes palabras relacionadas co entroido vigués:

Merdeiro, mariñeiro, labrego, berbés, refugallo, esterco, farol e vara





Copia este texto sobre o Merdeiro:

O obxectivo dos merdeiros era incordiar á xente na época do entroido, e, para elo, vestíase á imitación dos escabicheiros ( persoas do campo que collían os escabiches e baleiraban os pozos negros da cidade) e restregaban as súas vítimas con restos de peixes apodrecidos

A large section of the page is filled with horizontal lines, serving as a template for copying the text above. The lines are evenly spaced and extend across most of the page width, starting from a vertical margin line on the left.

## Descrición do merdeiro

"Camisa branca arremangada, chaleco e pantalón de pano a xogo, polainas e zapatillas brancas. Máscara de confección ben sinxela que, se seguíssemos a descrición de Risco e Lorenzo, debería enriquecerse na parte posterior do chaleco cunha aplicación de tea que, semellante a dos cigarróns ou a dos peliqueiros, representase símbolos astrais ou animais: o sol, a lúa, un burro un galo, unha galiña ... Tampouco habería que esquecer o pucho de pano branco cunha tira vermella ou verde sen bordo e un sol ou unha lúa de pano ganduxada no alto.

Protexía as súas partes co peluxe dunha vasoira ou cunha ristra de cebolas, pendurada dun cordel atado a cintura sobre unha faixa azul, verde ou encarnada. Sen esquecer que non lle pode faltar unha vara ou un farol que poden ser substituídos polo mango dunha vella vasoira ou unha verza

- Suliña no texto os nomes de cor azul e os adxetivos de cor vermello

- Como imaxinas que é un merdeiro? Debúxao

<http://dl.dropboxusercontent.com/u/14722558/ENTROIDO/entroido.html>

[http://dl.dropboxusercontent.com/u/13783708/librolim\\_entroido\\_tradicional/lim.swf?libro=o\\_entroido\\_tradicional\\_galego.lim](http://dl.dropboxusercontent.com/u/13783708/librolim_entroido_tradicional/lim.swf?libro=o_entroido_tradicional_galego.lim)



<http://www.chiscos.net/almacen/lim/entroido-anam/entroido-anam.html>

<http://engalego.es/almacen2010/lim10/c39/entroido1/lim.swf?libro=entroido.lim>

<https://dl.dropboxusercontent.com/u/6077771/entroido/index.html>



[http://centros.edu.xunta.es/ceipopombal/actividades\\_lim/entroido/entroido.html](http://centros.edu.xunta.es/ceipopombal/actividades_lim/entroido/entroido.html) (Malmeigas)





### BURRO

1. Corta seguindo a liña de puntos, rexeitando as áreas sombreadas. Non cortes as liñas continuas!
2. Dobra A e B por detrás do fuciño, xuntando o borde A coa liña B. Grámpao.
3. Vira as orellas para diante.  
Separa o tupé (franja) en cachos, dobrando un para diante, outro para atrás, etc




### VACA

1. Corta seguindo a liña de puntos. Non cortes as liñas continuas!

2. Curva o punto A por detrás do nariz, xunta o extremo A coa liña B e grámpao.

Dobra a orella e os cornos cara diante.






### O RAPOSO BUSTER

1. Para o sombreiro, agrandar ata o que dea o papel.
2. Corta seguindo as liñas continuas. (Non esquezas cortar as orellas)
3. Dobra C para abaixo, pasa a pestana A pola regandixa B, (C debería estar entre A e B), grámpao.
4. Curva as pestanas D e E para abaixo – introduce a pestana D na regandixa E para crear o nariz, grampa.
5. Dobra as orellas cara arriba.

Para o sombreiro, grampa 2 fitas ou unha goma nos asteriscos para atar debaixo do queixo

OPCIONAL: pega ollos móbiles de 28mm





### PORCO

1. Corta seguindo a liña de puntos, rexeitando as áreas sombreadas. Non cortes as liñas continuas!
2. Xunta o borde B coa liña A- grámpao.  
Dobra as orellas un pouco cara arriba.